

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS
OFICIAIS DO GRAO (PCEO) DO
GRAO EN PUBLICIDADE E
RELACIÓNS PÚBLICAS E O GRAO
EN COMUNICACIÓN
AUDIOVISUAL
(Campus de Pontevedra)
Consello de Goberno de**

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto pola Facultade de Comunicación que permite simultanear os estudos de Grao en Publicidade e Relacións Públicas e Grao en Comunicación Audiovisual mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O alumnado que supere o PCEO Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Publicidade e Relacións Públicas e Graduada/o en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de 10 cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 270 ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

| | |
|------------------------------|-----|
| Créditos de formación básica | 48 |
| Créditos obrigatorios | 174 |
| Créditos optativos | 30 |
| TFG | 18 |

Artigo 4. Centro responsable do programa

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante así como para a tramitación das bolsas do alumnado, acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable das prácticas e empresa do alumnado do PCEO.
3. Acórdase designar á Facultade de Comunicación como centro responsable dos programas de intercambio do alumnado do PCEO.

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Comunicación.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudiantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa a súa integración na vida de cada Centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 6. Coordinación do PCEO

1. Existirá unha persoa coordinadora do PCEO. A súa elección correspóndelle ao/á Decano/a da Facultade de Comunicación.
2. Ademais establecerase un órgano coordinador que deberá respectar a composición paritaria de mulleres e homes e estará formado por:

Presidente/a: o/a Decano/a do centro

Secretario/a: o/a Secretario/a do centro

Vocais:

Coordinador/a do PCEO

Coordinador/a do Grao en Publicidade e Relacións Públicas

Coordinador/a do Grao en Comunicación Audiovisual

Responsable de Calidade do centro.

Responsable de PAT do PCEO

Delegado de estudantes do PCEO

Responsable de Administración.

Artigo 7. Número de estudantes

Para o curso académico 2025/2026 ofértanse 10 prazas.

O 50 % destas prazas detraeranse das prazas correspondentes á oferta do grao en Publicidade e Relacións Públicas e o 50 % das prazas correspondentes á oferta do grao en Comunicación Audiovisual. No sucesivo, o límite será o que oportunamente probe o Consello de Goberno.

Para o curso académico 2025/2026 ofértanse 0 prazas para traslado desde outro PCEO equivalente.

De xeito excepcional, resérvanse 2 prazas para o alumnado que estea a cursar no mesmo centro da Universidade de Vigo calquera dos dous grados obxecto de PCEOs. Os requisitos que deberá cumprir este alumnado son contar cunha media de expediente superior a 3,5 (escala de 0 a 4).

Artigo 8. Normativa

Esta memoria así como as cuestións non recollidas na presente memoria, debe rexerse polo establecido na Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno de 23 de xuño de 2015 e modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016.

ANEXO I

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

PRIMEIRO

| | | | | | |
|--|--|---|---|---|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Comunicación: Teoría e técnica da imaxe (FB) [CAV] | Comunicación: Teoría e Historia da Comunicación (FB) [PRP] | Comunicación: Teoría e Historia da Publicidade (FB) [PRP] | Comunicación: Fundamentos e tecnoloxía dos medios publicitarios (FB) [PRP] | Comunicación: Comunicación escrita (FB) [PRP] |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Comunicación: Fundamentos da fotografía (FB) [PRP] | Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais (FB) [CAV] | Teoría e Técnica Cinematográfica (OB) [CAV] | Comunicación: Teoría e Historia das Relacións Públicas (FB) [PRP] | Comunicación radiofónica (OB) [CAV] |

SEGUNDO

| | | | | | |
|--|---|---|---|--|-------------------------------|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Xéneros cinematográficos (OB) [CAV] | Teoría e técnica da montaxe (OB) [CAV] | Fundamentos de marketing (OB) [PRP] | Dirección de Fotografía (OB) [CAV] | Creatividade I (OB) [PRP] |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Narrativa Audiovisual (OB) [CAV] | Expresión sonora (OB) [CAV] | Guión Audiovisual (OB) [CAV] | Planificación e técnicas das Relacións Públicas I (OB) [PRP] | Creatividade II (OB) [PRP] |

TERCEIRO

| | | | | | |
|--|--|------------------------------------|---|-----------------------------|-------------------------------|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Creación e xestión de marca (OB) [PRP] | Realización Audiovisual (OB) [CAV] | Planificación estratéxica II. Planificación de medios (OB) [PRP] | Posproducción I. (OB) [PRP] | Deseño gráfico II. (OB) [PRP] |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Guión, produción e realización de ficción (OB) [CAV] 12 ECTS | Expresión sonora (OB) [CAV] | Marco Normativo da Publicidade e as Relacións Públicas (OB) [PRP] | Creatividade II (OB) [PRP] | |

CUARTO

| | | | | |
|--|---|--|--------------------------------------|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Guión, produción e realización de informativos (OB) [PRP] 12 ECTS | Planificación e Técnicas de Relacións Públicas II (OB) [PRP] | Creación de contidos III. (OB) [PRP] | 1 optativa do Grao en Publicidade |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (24 ECTS) | Guión e deseño transmedia (OB) [CAV] | Planificación estratéxica III. Medición Dixital (OB) [PRP] | Dirección de Comunicación (OB) [PRP] | 1 optativa do Grao en Comunicación Audiovisual |

QUINTO

| | | | | |
|--|--------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Prácticas CAV 12 ECTS | 1 optativa do Grao en Publicidade | 1 optativa do Grao en Publicidade | 1 optativa do Grao en Publicidade |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (30 ECTS) | Prácticas PRP 12 ECTS | TFG PRP 12 ECTS | TFG CAV 6 ECTS | |

ANEXO II

A) As materias de formación básica do Grao en Comunicación Audiovisual que se recollen na seguinte táboa recoñeceranse pola superación das seguintes disciplinas de formación básica do PCEO.

Táboa de recoñecementos:

| Grao en Comunicación Audiovisual | | PCEO | |
|--|--------|--|--------|
| Lingua española: expresión textual e visual | 6 ECTS | Comunicación: Comunicación escrita | 6 ECTS |
| Lingua: Lingua galega | 6 ECTS | | |
| Socioloxía: Socioloxía da Comunicación | 6 ECTS | Comunicación: Teoría e Historia da Publicidade | 6 ECTS |
| Comunicación: Teoría e técnica da imaxe | 6 ECTS | Comunicación: Teoría e técnica da imaxe | 6 ECTS |
| Comunicación: Comunicación escrita | 6 ECTS | Comunicación: Teoría e Historia das Relacións Públicas | 6 ECTS |
| Comunicación: Teoría e Historia da Comunicación | 6 ECTS | Comunicación: Teoría e Historia da Comunicación | 6 ECTS |
| Comunicación: Documentación Audiovisual | 6 ECTS | Comunicación: Fundamentos da fotografía | 6 ECTS |
| Comunicación: Tecnoloxía dos medios publicitarios | 6 ECTS | Comunicación: Tecnoloxía dos medios Audiovisuais | 6 ECTS |
| Empresa: Dirección e Xestión de Empresas Audiovisuais | 6 ECTS | Comunicación: Fundamentos e Tecnoloxía dos Medios Audiovisuais | 6 ECTS |
| Empresa: marketing de produtos audiovisuais e multimedia | 6 ECTS | | 6 ECTS |

B) Os créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Comunicación Audiovisual reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias ou de formación básica do PCEO

Táboa de recoñecementos:

| Grao en Comunicación Audiovisual (materias que se recoñecen) | | PCEO (materias que se cursan) | |
|---|---------|---|---------|
| Teoría e técnica da fotografía | 6 ECTS | Teoría e técnica da fotografía | 6 ECTS |
| Teoría e técnica cinematográfica | 6 ECTS | Teoría e técnica cinematográfica | 6 ECTS |
| Comunicación radiofónica | 6 ECTS | Comunicación radiofónica | 6 ECTS |
| Xéneros cinematográficos | 6 ECTS | Xéneros cinematográficos | 6 ECTS |
| Teoría e técnica da montaxe | 6 ECTS | Teoría e técnica da montaxe | 6 ECTS |
| Dirección de fotografía | 6 ECTS | Dirección de fotografía | 6 ECTS |
| Narrativa Audiovisual | 6 ECTS | Narrativa Audiovisual | 6 ECTS |
| Expresión sonora | 6 ECTS | Expresión sonora | 6 ECTS |
| Guión Audiovisual | 6 ECTS | Guión Audiovisual | 6 ECTS |
| Deseño e desenvolvemento de produtos interactivos | 6 ECTS | Creación de contidos III. Dixital | 6 ECTS |
| Cine de non ficción | 6 ECTS | Creatividade I | 6 ECTS |
| Posproducción I | 6 ECTS | Posproducción I | 6 ECTS |
| Realización Audiovisual | 6 ECTS | Realización Audiovisual | 6 ECTS |
| Creatividade publicitaria e audiovisual | 6 ECTS | Creatividade I | 6 ECTS |
| Programación para produtos audiovisuais | 6 ECTS | Planificación estratéxica I. Investigación e Estratexia de Comunicación | 6 ECTS |
| Estratexias publicitarias para produtos interactivos | 6 ECTS | Planificación estratéxica II. Planificación de medios | 6 ECTS |
| Guión, produción e realización de ficción | 12 ECTS | Guión, produción e realización de ficción | 12 ECTS |
| Guión e deseño transmedia | 6 ECTS | Guión e deseño transmedia | 6 ECTS |
| Propaganda en medios audiovisuais | 6 ECTS | Creatividade II | 6 ECTS |
| Guión. Produción e realización de informativos | 12 ECTS | Guión. Produción e realización de informativos | 12 ECTS |
| Desenvolvemento de proxectos web | 6 ECTS | Planificación estratéxica III. Medición dixital | 6 ECTS |

C) As materias optativas do Grao en Comunicación Audiovisual serán recoñecidas polas materias optativas do Grao en Publicidade e Relacións Públicas que elixa o estudante.

Táboa de referencia de materias optativas elixibles dos Graos

**No 3º e 4º Curso, 1º semestre, o alumnado deberá elixir catro materias do Grao en Publicidade e Relacións Públicas e en 3º Curso, 2º semestre, 1 materia optativa do Grao en Comunicación Audiovisual da listaxe completa dispoñible*

| Grao en Comunicación Audiovisual | | Grao en Publicidade e Relacións Públicas | |
|---|--------|--|--------|
| Dirección artística | 6 ECTS | Xestión de contidos web e interativos | 6 ECTS |
| Creatividade publicitaria audiovisual | 6 ECTS | Comunicación e innovación | 6 ECTS |
| Posproducción de audio | 6 ECTS | Comunicación institucional | 6 ECTS |
| Deseño dixital: Expresión gráfica e motion graphics | | Comunicación e movementos sociais | 6 ECTS |
| Dirección escénica | 6 ECTS | Organización de eventos | 6 ECTS |
| Contornas virtuais e comunicación | 6 ECTS | Medios virtuais e novos soportes de comunicación | 6 ECTS |
| Análise e crítica audiovisual | 6 ECTS | Fotografía publicitaria e de produtos | 6 ECTS |
| Guión, produción e realización de programas de entretememento | 6 ECTS | Medios virtuais e novos soportes de comunicación | 6 ECTS |
| Creación audiovisual en novos medios | 6 ECTS | Creación de contidos V. Tendencias | 6 ECTS |
| Entretememento interactivo: videoxogos | 6 ECTS | Proxectos e portfolio | 6 ECTS |
| Posproducción II: efectos visuais | 6 ECTS | Laboratorio Audiovisual | 6 ECTS |
| Aplicacións móbiles | 6 ECTS | | |
| Produción e realización de contidos de marca | 6 ECTS | | |
| Perfís profesionais en redes sociais | 6 ECTS | | |